

Desenvolvemento:

Introdución "ética do coidado" (inspirada en filósofos como Carol Gilligan) A ética non só baséase en regras ou normas, senón tamén en relacións humanas e en como coidamos dos demais.

Carol Gilligan representa o **feminismo da diferenza**, un tipo de feminismo que recoñece e valora as diferenzas entre homes e mulleres, sen consideralas inferiores ou subordinadas. Este enfoque defende que as mulleres teñen unha moral distinta á dos homes, caracterizada polo coidado e as relacións, fronte á énfase masculina na xustiza e nas normas abstractas, como suxería Kohlberg.

A crítica de Gilligan a Kohlberg baséase en que o seu modelo de desenvolvemento moral estaba fundamentado principalmente en homes e non reflectía a experiencia moral das mulleres. Segundo Gilligan, o esquema de Kohlberg priorizaba o pensamento ético baseado en principios de xustiza, mentres que as mulleres enfocaban as súas decisións morais máis no coidado, as responsabilidades interpersoais e a empatía, polo que as clasificaba en niveis máis baixos de desenvolvemento moral.

Presentación de dilemas éticos: en grupos

Dilema 1: "É correcto que un médico priorice o coidado dun paciente novo con máis posibilidades de supervivencia sobre un ancián?"

Dilema 2: "Ata que punto temos a responsabilidade de coidar dun amigo que está a pasar por problemas emocionais, aínda que iso afecten a nós tamén?"

Dilema 3: "Se te atopas a unha persoa na rúa que necesita axuda médica urxente, deberías deixar os teus compromisos para axudar, ou non é a túa responsabilidade?"

Debate socrático: Discutiremos en grupo e logo comentamos ao resto as conclusións ás que chegamos. Cada grupo debe argumentar a súa posición e ser cuestionado polo resto, empregando preguntas en lugar de xuízos, seguindo o método socrático (preguntas como "Por que crees que esa é a mellor opción?" ou "Que pasaría se...?").

Conclusión: Despois de escoitar todas as posicións, realízase unha reflexión conxunta sobre como o coidado na ética implica non só tomar decisións racionais, senón tamén comprender as nosas relacións e responsabilidades cara aos demais.